

Os escritores abordan os retos do futuro no seu VI congreso

A literatura dramática, a lusofonía ou a oralidade abordaranse en diferentes grupos de traballo



21 / 9 / 2015 /

Santiago. Redacción

Pontevedra acollerá o vindeiro 26 de setembro a VI xeira do Congreso de Escritoras-es da AELG. Desta volta, a asociación de escritores convoca baixo o epígrafe *Para que(n) escribimos o futuro?* un total de seis grupos de traballo que abordarán diferentes cuestións temáticas. Os dereitos de autoría e a profesionalización, a oralidade como soporte literario, o futuro da literatura dramática, as novas formas de edición, a lusofonia oportunidade ou a formación de lectores/as serán os eixes que vertebrarán este encontro. Ademais, a sesión inclúe co presentación do novo web da AELG e unha sesión conxunta. Unha actuación do grupo Xardín Desordenado pechará o encontro.

VI Congreso de Escritoras-es da AELG

Para que(n) escribimos o futuro

Pontevedra, 26 de setembro de 2015
Pazo da Cultura

A oralidade como
soporte literario

Dereitos de autoría e
profesionalización

O futuro da literatura
dramática

Novas formas de
edición

Lusofonia como
renovada
oportunidade

Formación de
lectores/as

20.00 Actuación musical aberta ao público (salón de actos)

Xardin desordenado



asociación de
escritoras
escriñopas
en lingua galega
www.aelg.es

PAZO DA CULTURA
PONTEVEDRA



CONCELLO DE
PONTEVEDRA